


O soño dentro do soño

Montse Pena Presas

Con textos de Joxan Ormanzabal e ilustracións Iraia Okina, chega Soños de circo (Faktoria K), unha obra que acadou en 2008 a II Bolsa de Álbum Ilustrado (unha distinción outorgada por diferentes entidades navarras para fomentar a creación neste formato en éuscaro). A historia que conta parte dunha situación real e abondo habitual nos libros infantís: a protagonista vai coa súa avoa ao circo, non obstante, todo cambia cando os trasnos do sono e do soño aparecen na viaxe en tren e ambas as dúas trocan a súa visita ao circo por cadansúa siesta. A partir de aí, un profundo onirismo envolverá tanto a textos como ilustracións, converténdose tamén na forza que mova o relato. Aínda que o recurso ao soño é unha das solucións máis habituais para potenciar ou introducir a fantasía, Ormanzabal consegue fuxir do puro tópico artellando unha estrutura de “historia dentro da historia” que provoca a sorpresa final e que se erixe no elemento máis orixinal da narración. As ilustracións xeráronse partir da técnica do collage, apostando polas formas dondas que caracterizan e dotan de personalidade o estilo de Okina. Como trazo

singular, o baleiro constitúe un espazo fundamental nas mesmas –moi especialmente nos momentos en que o texto aposta por arroupar ao maxín–, coa idea de que os

receptores e receptoras tomen unha parte activa na lectura e reconstrúan os soños da protagonista. Pese a todo, as fendas que se abren entre imaxes e palabras nun álbum de lectura unidireccional resultan abundas para un público que precisa, aínda, ser guiado. ●



SOÑOS DE CIRCO

JOXAN ORMANZABAL

Ilustración de I. Okina

Tradución de S. Calleja

Faktoria K, 2008

32 páxinas

14 euros